

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE SOCIO HONORARIO DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS A XESÚS ALONSO MONTERO (Asemblea xeral do IEU do 18 de febreiro de 2017)

Xesús Alonso Montero, humanista, sociolingüista, ensaísta, articulista, é un dos referentes da cultura galega do século XX e do que levamos do XXI. Publicou estudos sobre Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Leiras Pulpeiro, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Luís Seoane, Mendiño, Neira Vilas, Vicente Risco, Álvaro cunqueiro, e tamén sobre o poeta monterrosino Lorenzo Varela.

Aínda que naceu en Vigo en 1928, criouse na aldea de Ventosela (Ribadavia), onde aos nove anos aprendeu a falar galego e a coñecer e valorar o mundo rural, condición que determinaría a súa posterior traxectoria intelectual.

Doutor, catedrático de literatura galega, membro do Consello da Cultura galega e actual presidente da Real Academia Galega e un dos máis firmes defensores da lingua e da cultura galegas, e o seu compromiso co galeguismo cultural, mais non o político, queda manifesto en todo o seu percorrido vital.

Falaba Alonso Montero, hai anos, nunha entrevista, do “seu compromiso íntimo, na súa mocidade, coa lingua galega, pero non co idioma da nación galega, senón coa língua que falaban os pobres da nación galega”. O seu compromiso cos dereitos dos sectores marxidados da nosa sociedade quedou patente nas xornadas do centenario de Lorenzo Varela celebradas en Monterroso o 3 de decembro de 2016 e nas que se desenvolveu, por iniciativa súa, no Centro Penitenciario de Monterroso, un acto cultural de gran acollida entre os reclusos.

Tralo seu nomeamento como presidente da RAG, clarificaba aos xornalistas que: “É o meu marxismo o que me levou a aceptar a candidatura a presidente, pero non son académico por marxista. Son académico por filólogo e por defensor da lingua, e iso ten que quedar claro para no despistar, porque esta non é a Academia de Ciencias políticas, senón unha academia que ten que traballar pola ilustración, defensa e promoción do galego”. É por esa defensa da cultura galega, que tamén é un dos fins da nosa asociación, polo que propoñemos a Xesús Alonso Montero como socio honorario do Instituto de Estudos Ulloáns.

Consta nos nosos estatutos que: “poderán ser nomeados membros honorarios as persoas ou institucións públicas ou privadas de notable relevo e con obra escrita ou activa nas materias tratadas polo Instituto de Estudos Ulloáns, ou que afecte á vida do mesmo”. Alonso Montero, un dos “bos e xenerosos que a nosa voz entenden”, cumpre sobradamente estes requisitos.

É, así mesmo, notoria a súa participación en actos culturais na comarca da Ulloa, como foron as diferentes homenaxes e celebracións en torno á figura do poeta monterrosino Lorenzo Varela que, comezaron no ano 2000, deron como froito á dedicación ao poeta o Día das Letras Galegas en 2005 e continuaron en 2016 coa convocatoria do Certame Literario-Pedagóxico sobre a obra de Lorenzo Varela no primeiro centenario do seu nacemento e as consecuentes xornadas conmemorativas, nos que o presidente da RAG foi un dos principais promotores e activo participante.

Propoñemos, xa que logo, considerando a súa aceptación na Xunta de Goberno do 18 de xullo de 2016, e para que sexa referendado nesta Asemblea Xeral do 18 de febreiro de 2017, o nomeamento de D. Xesús Alonso Montero como socio honorario do Instituto de Estudos Ulloáns.

X. Francisco Pardo Teijeiro (director do Instituto de Estudos Ulloáns)